

# CONCERTOS DIDÁCTICOS

*"VIOLETA EN COMPOSTELA"*

**AUDITORIO DE GALICIA  
CURSO 2012/2013**



## **1. PROPOSTA DIDÁCTICA** Amalia Moreiras

## ÍNDICE DE CONTIDOS

- **Introdución**

- **O concerto**

- **Actividades anteriores ó concerto:**

- **A viola**
  1. tamaño
  2. afinación
  3. clave
- **Os intérpretes**

- **Actividades posteriores ó concerto:**

- **O violonchelo**
  1. semellanzas
  2. diferenzas
- **Efectos especiais dos instrumentos de corda fretada**
- **As músicas do concerto**

- **Anexos:**

- **Imaxes**
- **Entrevista a un luthier**
- **Internet**

## INTRODUCCIÓN

A presente guía didáctica pretende axudar ó profesorado que vai participar cos seus alumnos/as no ciclo de concertos didácticos do Auditorio de Galicia. O seu obxecto é preparar ó alumnado para que aproveite e disfrute ó máximo do concerto, ofrecendo un complemento escrito á música que escoitarán en vivo posteriormente. Neste caso, o programa vai destinado ó alumnado de ensino Primario. Como as súas características e preparación, dependendo dos cursos, poden ser moi diferentes, cada docente deberá escoller entre as propostas de traballo aquí mostradas as que vaian mellor coa realidade da súa aula, podendo realizalas todas ou en parte, na mesma orde de presentación mostrada nesta guía ou ben noutra. Trátase de presentar unha serie de actividades orientativas, como modelo para o desenvolvemento doutras similares que cada docente levará a cabo dependendo do seu criterio, do seu alumnado e das posibilidades de tempo e recursos das que dispoña.

## O CONCERTO


Este concerto didáctico ten forma de conto musical, no que se escoita unha narración acompañada de música, que forma parte do argumento. A continuación presentamos unha breve ficha informativa cos datos do concerto:

- Título: *Violeta en Compostela*
- Forma: conto musical
- Plantilla: narradora e grupo instrumental mixto formado por un conxunto de 6 violas, 1 violonchelo, 1 percussionista e piano
- Intérpretes: estudantes e profesores do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela.
- Repertorio: selección musical variada de músicas diversas:
  - *Distant bells*, de Kathy e David Blackwell
  - *Something or other*, de Katherine e Hugh Colledge
  - *Dragonfly*, de Sheila M. Nelson
  - *Sea suite (Sad movie, Shark attack!, Spy movie e Cap'n Jack's Hornpipe)* de Kathy e David Blackwell
  - *Cinderella dancing*, de Stanley Fletcher
  - *Chromatic cats*, de Kathy e David Blackwell
  - *Danza das bruxas*, de N. Paganini
  - *The seal lullaby*, de Eric Whitacre
  - *A batalla*, arranxo de Sheila Nelson
  - *Toad in the hole*, de Sheila M. Nelson
  - *Habanera*, de G. Bizet
  - *Wade in de water*, de Kathy e David Blackwell
  - *Concerto nº2 para viola*, de F. Seitz
  - *Mexican fiesta*, de L. Bernstein

Todas estas pezas son orixinais ou adaptadas e facilitadas para a formación instrumental do concerto.

## A VIOLA

Neste apartado explicaremos ó alumnado as características do instrumento protagonista do concerto, a viola. En primeiro lugar, haberá que recordar a súa clasificación organolóxica (cordófono fretado) e despois falar un pouco das partes constitutivas do instrumento. Se no grupo houbera algún estudante de viola (ou, no seu defecto, de violín) sería a persoa encargada de facer a presentación, levando o seu instrumento á aula para mostralo e explicalo; se non se dera o caso, poderíamos botar man dalgún debuxo similar ós presentados aquí.



A continuación, haberá que explicar que, a pesares do seu aspecto similar ó violín, existen diferenzas entre violín e viola. Preguntaremos primeiro ó alumnado cales pensan que poden ser estas diferenzas. Se non son capaces de responder, podemos ler primeiro a entrevista ó luthier Jardón Rico que aparece nos anexos. Despois, anotaremos as diferenzas no taboleiro para ir explicándoas unha a unha:




## 1. O tamaño



É a diferenza máis evidente, aínda que non é doada de apreciar se non se comparan os dous instrumentos, violín e viola. A partir de diversas imaxes podemos preguntar ó alumnado cal dos dous instrumentos cre que aparece nelas e corrixir as respostas. Explicaremos que o tamaño do instrumento se mide na caixa, sen ter en conta o mástil e indicaremos as medidas habituais do violín e da viola (35'5 cm. e 41'9 cm. respectivamente) Se dispomos dun instrumento na aula, podemos medir a súa caixa; se non temos instrumento, podemos fabricalo de cartón coa axuda dunha plantilla e unha cinta métrica. O obxectivo será que o alumnado aprecie a talla real da viola e poida comparala cos obxectos cotiáns do seu entorno.

Podemos engadir unha curiosidade propia da viola: así como as medidas do violín e do violonchelo fanse en centímetros, o tamaño da viola mídese en pulgadas (1 pulgada=2'54 cm) Por outra banda, se ben todos os violíns de adulto, polo xeral, miden o mesmo non sucede igual coa viola, que presenta medidas variables que poden ir dende as 15 ata as 16 pulgadas e media. Esta variedade fai que cada instrumentista poida escoller a medida que mellor se adapte ó seu físico.



## 2. A afinación

Explicaremos ó alumnado que as 4 cordas da viola non soan igual cas do violín e compararán as dúas afinacións. O obxectivo será comprender que certas notas son comúns a ambos instrumentos e outras, moi agudas ou moi graves, son específicas de cada un deles.

	4ª corda	3ª corda	2ª corda	1º corda
Viola	Dó	Sol	Re	La
Violín	Sol	Re	La	Mi

Dependendo do nivel do alumnado poderase profundizar máis na explicación plantexando preguntas como:


- ¿cantas notas de distancia hai entre unha corda e a seguinte?
- se a viola tivese unha 5ª corda máis grave ¿que nota daría?
- se afinases as cordas da viola como se fose un violín ¿cal sobraría? ¿cal faltaría?

### 3. A clave

Aínda que o alumnado de Primaria non coñece máis que a clave de Sol, podemos aproveitar a escritura da viola en clave de Dó para explicar a función das claves. Primeiro pediremos ó alumnado que escriban nun pentagrama con clave de Sol notas graves, que precisen de liñas adicionais a partir do Dó; despois explicaremos cómo, para evitar tanta liña, se utiliza a clave de Fa en 4ª. Podemos mostrar partituras para piano para que vexan a escritura e explicalo co teclado da aula.



A continuación, mostraremos o seguinte esquema das claves e buscaremos o nome das notas debuxadas nel. O obxectivo sería chegar a comprender que unha mesma nota pode ser escrita en claves distintas. Finalmente, explicaremos que a escritura de viola faise en clave de Do en 3ª e probaremos a escribir distintas notas nesta clave.



### OS INTÉRPRETES

Unha persoa que toca o piano chámase pianista, se toca a guitarra, guitarrista, se é a trompeta, trompetista. Seguiremos esta serie en forma de xogo co alumnado, nomeando distintos instrumentos para que eles digan o nome do intérprete, deixando para o final a viola. Deste xeito coñecerán que o nome do instrumentista de viola é violista ou tamén, simplemente, viola.

Se na aula hai algún estudante de viola, podemos preguntarlle cando empezou a estudar e por que escolleu este instrumento. Se non se da o caso, explicaremos que antigamente os músicos comezaban estudando violín, e só despois se pasaban á viola, debido á similitude da súa técnica. Actualmente, esta práctica xa non se da (polo menos nos estudos regrados en España) e pódese empezar a estudar directamente a viola sen pasar polo violín previamente. Non obstante, certos violinistas famosos tamén interpretaban de cando en vez coa viola, ademais do violín, como fixeron por exemplo Y. Menuhin, P. Zukerman, N. Kennedy ou, máis recentemente, Maxim Vengerov. Podemos facer ver ó alumnado algún vídeo deste último intérprete tocando violín ou viola, para intentar diferenciarlos. (ver anexos)



*Nobuko Imai*

ou Antoine Tamestit.

Finalmente, mostraremos ó alumnado un pequeno listado de violistas famosos actuais para que intenten relacionalos coas súas fotografías desordenadas. O obxectivo non é tanto que aprendan os nomes como que vexan que existen violistas tan famosos como os pianistas, violinistas ou calquera outro instrumentista. A modo de exemplo damos os seguintes nomes: Nobuko Imai, Yuri Baschlet, Tabea Zimmermann



De volta á aula despois do concerto, será o momento de completar a experiencia con actividades de reforzo e ampliación que contribúan a fixar os elementos do concerto.

### O VIOLONCHELO

Pediremos ó alumnado que recorde os instrumentos que tocaron no concerto, ademais da viola. A resposta sería un piano e un violonchelo (xunto coa percusión) Como o piano é un instrumento bastante coñecido, centrarémonos no violonchelo que, ademais, garda relación coa viola. Preguntaremos ó alumnado que parecidos pode ver entre unha viola e un violonchelo, axudándolles con imaxes de ambos instrumentos. Podemos ir anotando as semellanzas no taboleiro e ir explicándoas pouco a pouco:

- forma: tanto a viola como o violonchelo teñen a mesma forma, de silueta similar a un oito
- familia instrumental: os dous instrumentos pertencen á familia de corda fretada
- afinación: as cordas de ambos instrumentos chámanse igual (la, re, sol e dó, da primeira á cuarta corda)

Esta última similitude permitíranos entrar a explicar as diferenzas, pois aínda que o nome das notas sexa igual, o son non o é. Podemos explicar a diferenza das oitavas, utilizando o teclado ou calquera outro instrumento da aula. O obxectivo é conseguir que o alumnado comprenda que a serie de notas é cíclica e que sempre se repite, cada vez máis agudo ou máis grave, polo que un mesmo nome de nota pode ter asociado varios sons diferentes.

Unha vez que xa temos a primeira diferenza explicada, continuaremos preguntando que outras distincións podemos atopar entre viola e violonchelo e explicándoas unha a unha:

- tamaño:** evidentemente, é o que primeiro se aprecia. Como xa tiñamos os datos da medida da viola, podemos comparala co violonchelo, que soe medir 75 cm. Podemos ampliar a plantilla coa que fixemos a viola de cartón e comparar fisicamente a talla do violonchelo respecto da viola. Tamén se poden plantexar outro tipo de cuestións como por exemplo:
  - ¿cantos centímetros máis que unha viola mide o violonchelo?
  - se se construíse un instrumento o dobre de grande ca viola ¿sería do tamaño do violonchelo, máis grande ou máis pequeno?
  - se quixéramos dar a medida dun violonchelo en pulgadas ¿cal sería o resultado?
- posición:** aínda que nas orquestras as violas soen tocar sentadas, en realidade os violistas poden tocar tanto de pé como sentados. Non sucede isto cos violonchelistas, que deben tocar sentados obrigatoriamente. Ademais, en relación co chan a viola estaría situada horizontalmente e o violonchelo verticalmente. Reflexionando sobre esta posición dos chelistas, o alumnado debería poder atopar as seguintes diferenzas.
- acesorios:** para tocar sentado, o violonchelista emprega unha pica para apoiar o instrumento no chan. Na viola, en cambio, non hai pica senón unha mentoeira para apoiar o queixo mentres se toca.



- d) **arco**: faremos imitar ó alumnado os movementos que deben facer os músicos para mover o arco para que vexan as distintas direccións que leva se se toca a viola ou o violonchelo (de arriba abaixo ou de esquerda a dereita, respectivamente)

Iremos anotando todas estas diferenzas no taboleiro, de xeito que ó final teñamos unha táboa comparativa similar á seguinte.

	<b>afinación</b>	<b>tamaño</b>	<b>posición</b>	<b>accesorios</b>	<b>arco</b>
<b>Viola</b>	1 oitava máis aguda	41'9 cm.	de pe ou sentado	mentoeira	vertical
<b>Violonchelo</b>	1 oitava máis grave	75 cm.	sempre sentado	pica	horizontal

Unha vez explicadas as diferenzas visuais entre ambos instrumentos, chega o momento de diferencialos auditivamente. Faremos escoitar ó alumnado diferentes extractos con estes instrumentos como solistas para que recoñezan cal dos dous está tocando. Se o docente o considera oportuno, pode incluírse tamén o violín para facer unha discriminación auditiva entre os tres instrumentos. A modo de exemplo, suxerimos obras como:

- Kodaly: Adagio para violín e violonchelo, op. 7
- Ravel: Sonata para violín e violonchelo
- Mozart: Dúos para violín e viola, K. 423, 424
- Mozart: Sinfonía concertante para violín e viola, K. 364

## EFFECTOS ESPECIAIS DOS INSTRUMENTOS DE CORDA FRETADA

Durante o concerto vanse escoitar algúns dos efectos sonoros específicos dos instrumentos de corda fretada. Co alumnado repasaremos esta técnicas sonoras e, se o docente o considera axeitado, ampliaremos tamén con algunha outra, aínda que non se escoitara durante o concerto. Suxerimos, como mínimo, traballar os seguintes recursos:

- *pizzicato*: efecto producido pulsando as cordas do instrumento directamente cos dedos, sen pasar o arco. Poden explicarse tamén os diversos tipos de *pizzicato* (de man esquerda, *pizzicato* Bartók) a criterio de cada docente.
- *trémolo*: efecto conseguido cun rápido movemento do arco, repetindo unha soa nota de forma rápida
- *dobres cordas*: execución de dúas ou máis notas simultaneamente, pasando o arco sobre varias cordas á vez
- *col legno*: indicación para que se toquen as cordas do violín golpeando coa vara en vez de pasar as crinas sobre as cordas
- *harmónicos*: sons agudos producidos ó tocar lixeiramente cos dedos determinados puntos da corda mentres se pasa o arco sobre ela.



Cada un destes efectos deberá escoitarse individualmente, de xeito que o alumnado poida diferencialos sen dificultade. O ideal sería poder aprecialos en formato audiovisual (vídeo, dvd, internet) interpretados por algún dos violistas actuais mencionados no apartado "os intérpretes" anteriormente traballado.



## AS MÚSICAS DO CONCERTO

Algunhas das músicas do concerto son versións de pezas clásicas moi coñecidas. Podemos facer un repaso da historia narrada no concerto por medio dunha selección auditiva. Se trataría de facer escoitar unha serie de músicas para que o alumnado indicase en que momento da historia aparecía. Por exemplo:

1. Bernstein: "América" de *West Side Story*, durante a voda do capitán Jack.
2. Susato: *Pavana Bataille*, cando van rescatar a Violeta do seu encerro na torre.
3. Bizet: "Habanera" de *Carmen*, cando o capitán Jack fala da súa amada.
4. Whitacre: *The Seal Lullaby*, a canción que canta Violeta cando se ve encerrada na torre.

Despois de contar o que acontecía na historia no momento de cada música, poden escoitarse novamente na orde correcta. Neste exemplo, a orde correcta na narración sería 4, 2, 3 e 1.

Aproveitaremos o repaso da canción de Violeta para intentar cantala coa letra que se escoitou no concerto. A partitura é a seguinte:

### The seal lullaby

Eric Whitacre  
(Adaptación)

Oh! lú - a, es coi ta, dei xa que che con te a

6 má goa tan pro fun da do meu - co ra zón. E

10 di lles ás es tre las cal é a mi ña con de a, cal

14 é o fei ti - zo que me ten pre saa qui o

18 fei ti zo que tan to me fai su frir

A pesar da aparente complicación da tonalidade, pódese cantar sen problemas; é recomendable facelo sobre unha gravación, para ter o acompañamento pianístico (ver anexos)

## ANEXOS


Imaxes



viola



violín e viola



Lionel Tertis



Yuri Baschlet



Gerard Caussé



Antoine Tamestit



Tabea Zimmermann

## ENTREVISTA A UN LUTHIER

Roberto Jardón Rico, luthier asturiano, responde ó noso cuestionario sobre a viola:



**1. Todo el mundo sabe qué es un violín, pero casi nadie sabe nada de la viola. ¿Cuales son sus características principales?¿es igual que un violín?**

*La viola es un instrumento musical de la familia del violín, de hecho a las personas que no están muy al tanto de la composición de la orquesta les cuesta distinguirlas de los violines, aunque ocupan una zona distinta, habitualmente entre el grupo de los violines segundos y el de los violoncelos. La viola suele tener una forma muy parecida a la del violín. Su registro es más grave, concretamente una quinta por debajo de la afinación del violín. Así su primera cuerda "al aire" emite la nota "La" (que en el violín es la segunda), y su cuarta cuerda, la más grave, emite la nota Do. Su sonoridad está a medio camino entre la del violín y la del violoncello. El tamaño de la viola varía entre 38 y 43 cm de media frente a los 36 cm del violín, por eso desde lejos nos cuesta distinguirla.*

**2. En su opinión ¿por qué la viola es más desconocida que el violín?**

*La viola es más desconocida porque se convirtió en un instrumento solista muy tarde respecto a sus compañeros el violín y el cello, de tal manera que su repertorio es mucho menor y menos variado. Es un instrumento de una sonoridad muy sugerente, pero que por desgracia, tiene con frecuencia un papel secundario en la orquesta. Padece una especie de deuda histórica.*

**3. Para empezar a estudiar de pequeño ¿existe la posibilidad de utilizar una viola pequeña, a escala reducida?**

*Al estudiar un instrumento de arco es imprescindible que haya una correlación entre el tamaño del instrumento y el del músico. Por ello existen*

distintas "tallas" de instrumentos, por ejemplo violines de 1/8, 1/4, 1/2, 3/4 y por último 4/4 que es el tamaño que corresponde a un adulto. En la viola, extrañamente, las tallas van en pulgadas. Así, una viola del tamaño de un violín sería de 14". Hasta hace unas décadas no se fabricaban violas para niños de tamaños inferiores al de 14", pero sí violines pequeños. Eliminando la cuerda Mi y añadiendo una cuerda Do se conseguía que un violín tuviera el mismo registro que una viola. Sin embargo es más ortodoxo utilizar violas pequeñas porque tienen algunas diferencias estructurales que hacen que su sonido sea mucho más convincente que el de un violín pequeño con las cuerdas cambiadas. Los aros y la silueta suelen ser más anchos y tienen un timbre más profundo y parecido al de las violas de tamaño adulto. Es también importante usar cuerdas del tamaño justo y no cuerdas grandes cortadas. Un juego de cuerdas baratas del tamaño concreto de la viola pequeña funciona mucho mejor que unas cuerdas caras de tamaño grande cortadas.

#### **4. ¿Todas las violas para adulto son iguales en tamaño?**

Normalmente los intérpretes de viola tienden a buscar un instrumento tan grande como pueden soportar sin que las horas de estudio les produzcan problemas físicos. En cierta medida se debe a que en la tradición la viola siempre sufrió el estigma de verse a sí misma como un instrumento incompleto, incapaz de alcanzar el rendimiento acústico del violín. Hoy en día sabemos que las diferencias de rendimiento acústico entre violas de distinto tamaño no son tan significativas y que probablemente el músico pueda "sonar" mejor cuando tiene un instrumento más acorde con su anatomía. Por desgracia, muchos intérpretes arrastrados por esta idea, luchan durante años con instrumentos grandes hasta que al final tienen que renunciar y pasar a otros más cómodos. Las lesiones producidas por el estudio son mucho más frecuentes que en los violinistas.

#### **5. Los violines Stradivarius son muy famosos y reconocidos como excelentes ¿existen violas Stradivarius?**

Según distintas fuentes existen entre ocho y doce violas de Stradivari, todas muy famosas. Una de ellas, ornamentada, pertenece a la Colección del Palacio Real. Pocas las tocan intérpretes famosos como el caso de Antoine Tamestit que utiliza la primera viola hecha por Stradivari, llamada "Mahler" de 1672. La mayoría pertenecen a colecciones e instituciones como la viola "Archinto" que pertenece a la Royal Academy of Music de Londres.

#### **6. ¿Hay algún constructor de violas importante, tan famoso como Stradivarius?**

Las violas antiguas de Brescia, de Gasparo da Saló y Maggini son también muy codiciadas y también las de Andrea Guarneri y Guadagnini.

#### **7. En su oficio de luthier ¿qué instrumento trabaja más: violín, viola o violonchelo? Por ejemplo ¿cuántas violas arregla o construye al año? ¿y violines?**

Suelo construir una media de seis instrumentos al año, entre violines y violas. Como todavía existen miles de violines antiguos que se fabricaron de forma masiva desde finales del siglo XVIII no existe tanta demanda de instrumentos recién hechos. En el caso de la viola, la escasez de instrumentos, sumada al inconveniente que supone que haya que encontrar una viola adecuada a la anatomía del intérprete, conduce a que se encarguen más instrumentos de nueva creación. Los cellos llevan más del doble de tiempo que la viola o el violín y no se encargan tanto porque también hay muchos antiguos.

## 8. Cuando construye una viola ¿influye la persona que va a tocarla?

*Cuando me encargan una viola, para mí es prioritario tener en cuenta las características anatómicas de la persona que la va a tocar. Ahí hay muchas decisiones que tomar, en función de la longitud de los brazos, de la forma de las manos y su tamaño, etc. El objetivo es hacer un instrumento que se amolde perfectamente a una persona y a su manera de tocar particular, de tal forma que se pueda expresar libremente, sin obstáculos, que sólo tenga que preocuparse de hacer música. Debido a esto la construcción de las violas es el ámbito que da más margen a la creatividad de un luthier. El violín y el cello están mucho más estandarizados, no se puede jugar tanto con formas y tamaños.*

## 9. Si una persona muy excéntrica le pidiese una viola especial, por ejemplo, azul ¿se la haría? ¿sonaría igual?

*Los luthiers somos gente muy tradicional y conservadora. Es un oficio artesano en el que las prácticas son casi idénticas a las de hace tres siglos. Nos horrorizan los cambios, y más los instrumentos con colores extraños. Usamos los mismos materiales, las mismas herramientas, la misma cola y el mismo barniz que nuestros predecesores. Los propios músicos son también muy conservadores. Gran parte del repertorio que forma parte de lo que llamamos "música clásica" está formado por composiciones antiguas y se interpreta con instrumentos como los de esas épocas. Nunca vemos violas de colores distintos en las orquestas. Sin embargo, desde un punto de vista técnico, no hay nada que haga pensar que un instrumento barnizado de otro color pueda sonar peor. El papel de los pigmentos es casi despreciable en el funcionamiento acústico del barniz.*

## 10. Cuéntenos alguna curiosidad que le haya ocurrido alguna vez con la viola

*Hace unos años reparé una viola que tenía nidos de avispa en su interior, como pequeñas tinajas hechas de barro de unos tres centímetros de tamaño. Parece ser que la viola, como una cámara cerrada de madera cuya entrada eran los orificios de las "efes" les pareció un buen refugio. Sentí tener que destruir sus pequeñas casas porque me parecieron preciosas.*



## INTERNET

Algunhas páxinas que poden ser útiles para atopar información coa que traballar:

A viola

<http://viola.com/>

<http://www.viola-in-music.com/>

<http://www.docenotas.com/instrumentos/luthieres/instrumentos-medidas-tamanos-y-proporciones>

Intérpretes

<http://www.youtube.com/watch?v=abpXVCq9Sdg> (Maxim Vengerov tocando viola)

<http://www.youtube.com/watch?v=wJTQSo-NDk> (Maxim Vengerov tocando violín)

<http://www.youtube.com/watch?v=LpPdLjsBxHA> (Antoine Tamestit)

<http://preludiomusical.blogspot.com.es/2010/12/la-viola.html> entrevista a Nobuko Imai en español

Instrumentos

Páxina de contacto co luthier entrevistado

<http://www.jardonrico.com/index.htm>

A mesma música en distintas versións instrumentais

[http://www.youtube.com/watch?v=ko0SR6m\\_FWk](http://www.youtube.com/watch?v=ko0SR6m_FWk) (violín e viola)

<http://www.youtube.com/watch?v=qNsxXued784> (violín e violonchelo)

Músicas

<http://www.youtube.com/watch?v=fuLDD7O29T4>

"The Seal Lullaby" dirixida polo seu compositor (gran coro xuvenil)

<https://www.youtube.com/watch?v=3Gfk26rXrSk>

"Pavana Bataille" de Susato

<http://www.youtube.com/watch?v=Qy6wo2wpT2k>

Extracto da película "West Side Story", co fragmento América e o seu baile

<http://www.youtube.com/watch?v=djsuP0uta7s>

"Habanera" de *Carmen*. Bizet

[profmusicamalia@gmail.com](mailto:profmusicamalia@gmail.com)

Enderezo electrónico para enviar valoracións deste material didáctico (variedade, adecuación ao nivel, dificultade, etc.) ou calquera outro tipo de comentarios e/ou suxerencias sobre esta guía didáctica.